

## 20º PREMIO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS

Coa intención de incentivar e apoiar a creación dramática en lingua galega e por ser o teatro a actividade que maior incidencia e proxección histórica lle outorgou á ribadaviense Agrupación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro (MIT) convoca, en lembranza daqueles “Concursos de Textos Teatrais”, a 20ª edición do Premio Abrente para Textos Teatrais 2025, de acordo coas seguintes bases:

### 1ª REQUISITOS

Poderán optar ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten obra dramática inédita e nunca antes premiada ata a data de resolución desta convocatoria, sempre que estea escrita en lingua galega.

### 2ª PREMIOS

Establécese un premio único e indivisible, dotado con 4.000 euros e a edición da obra gañadora.

O Concello de Ribadavia reservará por un prazo de doce meses os dereitos de edición e representación da obra e entregará ao gañador/a un total de vinte exemplares. Igualmente, o Concello de Ribadavia poderá promover, a través da Mostra Internacional de Teatro, a produción para a escenificación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor/a.

En calquera montaxe que se faga da obra gañadora farase constar, necesariamente, tanto no programa, cartel, publicidade, etc., a mención expresa “PREMIO ABRENTE DE TEATRO. MIT RIBADAVIA 2025”.

### 3ª PRESENTACIÓN DOS ORIXINAIS

As obras serán de tema e extensión libre e presentaranse por triplicado, mecanografadas a dobre espazo, en tamaño DIN A4, fonte de letra Times New Roman, por unha soa cara e coas follas numeradas, grampadas ou encadernadas.

Os orixinais presentaranse baixo o título e un lema ou pseudónimo, acompañados dunha plica onde deberá figurar, no exterior, o título e o lema ou pseudónimo e conter, no interior, os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, DNI, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico.

### 4ª PRAZO E LUGAR DE ADMISIÓN

O prazo de admisión de orixinais remata o día 15 de xuño de 2025 e deberán enviarse ao seguinte enderezo:

*Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Praza Maior s/n, C.P. 32400, Ribadavia, Ourense.*

Deberase indicar no exterior do sobre “20º Premio Abrente para Textos Teatrais, 2025”

## **5ª XURADO**

O xurado estará presidido, con voz pero sen voto, polo Alcalde/sa de Ribadavia ou persoa en quen delegue e formarán parte del: o/a Concelleiro/a de Cultura ou persoa en quen delegue, a Dirección da Mostra Internacional de Teatro e tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte teatral.

O nomeamento oficial do xurado farao a Alcaldía ou persoa en quen delegue e actuará como secretario/a a persoa elixida por maioría entre os membros integrantes.

A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa intención de que se poidan interpor, se fose o caso, as alegacións pertinentes.

## **6ª COMUNICACIÓN DO DITAME**

O xurado actuará en sesión única, sendo precisa a asistencia de dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A obra gañadora será escolleita entre dúas obras finalistas, sendo a gañadora a que obteña un mínimo de catro votos. A plica correspondente á obra finalista poderá ser aberta polo secretario/a do xurado se se considera oportuno para que, se o autor/a o permite, se dea a coñecer de maneira pública. O veredito do xurado será inapelable.

O xurado poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Alcaldía-Presidencia do Concello de Ribadavia, que é o órgano competente para resolver o premio. A decisión do xurado darase a coñecer publicamente en xullo de 2025, no contexto da 41ª edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

## **7ª RETIRADA DE ORIXINAIS NON PREMIADOS**

Os orixinais non premiados poderán ser retirados das dependencias do Concello de Ribadavia no prazo de 30 días naturais a partir do seguinte da decisión do xurado. Aqueles orixinais que non sexan retirados nun prazo de dous anos serán destruídos, así como as súas correspondentes plicas.

## **8ª ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nas presentes bases.

Rivadavia, marzo de 2025  
+ info en: [www.mitribadavia.gal/premio-abrente](http://www.mitribadavia.gal/premio-abrente)